

MOCIÓN DE AER SOBRE OS TRABALLOS NOCTURNOS NAS OBRAS DO AVE

PLENO 26 DECEMBRO 2013. ACTA 21/2013

ANTECEDENTES

Moción que presentou o grupo municipal AER o día 21/12/2013 que se rexistrou co número 17875, co seguinte contido:

“No pasado pleno do 5 de novembro, aprobouse una moción de AER para iniciar a apertura dun expediente sancionador á empresa encargada das obras do AVE pola realización de traballos nocturnos. A secretaría do Concello no seu informe 116/2013 indica a imposibilidade de sanción por parte do Concello debido a que ordenanza municipal que regula este tema está derogada por cambios legislativos.

O 18 de outubro do 2013, o goberno local solicita información sobre a Declaración de Impacto Ambiental á Dirección Xeral de Ferrocarrís; cando esa documentación debería estar xa no Concello, posto que existe en Redondela unha resolución do concelleiro delegado de Medio Ambiente, do 13 de agosto de 2008 que di así:

“Asunto: Solicitud de autorización para a realización de traballos continuados as 24 horas do día en execución das obras de construción do Eixo Atlántico de Alta Velocidade tramo Vigo – Das maceiras.

En relación coa súa solicitude, nº4541 de rexistro de entrada, de data 16.05.08, recabouse da Dirección Xeral de Ferrocarrís (Ministerio de Fomento) a documentación técnica correspondente á integración ambiental do proxecto de referencia, que foi recibido en data 23.07.08, nº7057.

Atendendo a que no mesmo non se contempla a realización de traballos nocturnos así como á prohibición establecida na Ordenanza de protección do medio ambiente contra a contaminación acústica (B.O.P. nº188, do 30.09.03), e dacordo coa delegación xenérica da Alcaldía de 11 de xullo de 2007 (B.O.P. nº146, do 30 de xullo), o Concelleiro Delegado de Medio Ambiente RESOLVE:

Denegar a autorización solicitada.

Redondela, 13 de agosto de 2008.”

Resulta que o anterior equipo de goberno, ante a solicitude de autorización para realizar traballos continuados as 24 horas do día no tramo Vigo – Das Maceiras, pediu documentación á Dirección Xeral de Ferrocarrís. Imaxinamos que esta resolución se fixo en base á mesma documentación que volveron a pedir o 18 de outubro de 2013. Esta documentación xa a puxo AER nas mans do actual goberno local ao principio do seu mandato, así como en repetidas ocasións nas comisións de seguimento das obras do AVE.

Se os responsables das obras solicitaron autorización para traballar as 24 horas do día, será porque daban por feito que non podían traballar en horario nocturno.

Debido aos cambios nas leis do ruído que nos expón o informe da secretaría, entendemos que o Concello non pode sancionar, pero en base ao exposto antes, nós entendemos que o Concello pode e debe insistirles en que non poden traballar a partires das 22:00 horas.

No mencionado informe da secretaría do Concello podemos ler que as medicións de Fomento non foron feitas en horario nocturno, e que o Concello pode encargar a una empresa homologada as súas propias medicións de non considerar válidas as aportadas polo Ministerio de Fomento. AER solicitou por rexistro as medicións nas obras do AVE, contestando o concelleiro de Medio Ambiente que “non se realizaron medicións de impacto acústico nas obras do AVE”.Ou sexa:

- 1) temos una empresa contratada para realizar estes servizos.
- 2) a empresa que fixo as medicións por encargo de Fomento fíxoas nun horario que non corresponde coas reclamacións dos veciños.
- 3) o concelleiro, alegando o criterio dos servizos xurídicos, non manda facer medicións.

Atendendo á denegación da autorización para traballos nocturnos asinada por este Concello no 2008 e sabendo que o Concello conta cos servizos dunha empresa para facer medicións acústicas, propoñemos ao pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

- 1.- Que se fagan medicións do ruído en horario nocturno das obras do AVE no Val do Maceiras.
- 2.- Que se volva a informar aos responsables da obra da prohibición de traballar en horario nocturno.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Segundo acorda o Concello pleno, o asunto sométese a votación por puntos co seguinte

- **Punto 1.- Apróbase por unanimidade dos/das concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos (10 do PP, 8 do PS de G-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER).**
- **Punto 2.- Rexéitase, sendo 20 votos en contra (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE e 2 do BNG) e un voto a favor (1 de AER).**
- **Punto 3.- (Enmenda do BNG co seguinte texto: que unha vez que o concello faga as medicións e se constate que se superan os límites permitidos, procedan a denunciar dese incumprimento): Queda aprobado por unanimidade dos/das concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos (10 do PP, 8 do PS de G-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER).**